

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA O PROXECTO DE PROLONGACIÓN DA RÚA DO TELLEIRO ATA O ENLACE COA RÚA DA VEIGA, ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NOS NÚCLEOS RURAIS DE CALVOS E A MIOTEIRA E ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DE PARKING PÚBLICO NO POLÍGONO INDUSTRIAL "DAVID FERRER"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de San Cibrao das Viñas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de San Cibrao das Viñas para o proxecto de prolongación da rúa do Telleiro ata o enlace coa rúa da Veiga, acondicionamento de camiños nos núcleos rurais de Calvos e A Mioteira e acondicionamento e pavimentación de parking público no polígono industrial "David Ferrer".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico



galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de San Cibrao das Viñas, no intento da posta en valor do patrimonio cultural existente e co fin de dalo a coñecer ás persoas visitantes e peregrinas que recibe, propón a execución de actuacións de recuperación e mantemento en correcto estado de conservación de diferentes bens de interese patrimonial, de xeito que as condicións nas que se atopen sexan acordes o medio onde se emprazan. As actuacións que pretende levar a cabo son a prolongación da rúa do Telleiro ata o enlace coa rúa da Veiga, acondicionamento de camiños nos núcleos rurais de Calvos e A Mioteira e acondicionamento e pavimentación de parking público no polígono industrial "David Ferrer", coa finalidade de mellorar a mobilidade e a seguridade nas súas contornas.

A prolongación da rúa do Telleiro ata o enlace coa rúa da Veiga sitúase no núcleo rural de Ponte Noalla, nas seguintes coordenadas:

Actuación	X (m)	Y (m)
Inicio	596.437,87	4.682.418,15
Fin	596.186,29	4.682.176,95

Actualmente o camiño no núcleo rural de Ponte Noalla atópase en terra e proponse unha actuación de mellora cun pavimento triple rega asfáltica de ancho de 4,00 m para por en valor os elementos patrimoniais e mellorar o acceso dos usuarios.

As actuacións nos núcleos rurais de Calvos e A Mioteira realizaranse nas seguintes coordenadas:

CALVOS		
Actuación	X (m)	Y (m)
Inicio	596.641,65	4.680.676,02
Fin	596.717,62	4.680.605,77



A MIOTEIRA CAMIÑO 1		
Actuación	X (m)	Y (m)
Inicio	598.171,08	4.681.739,23
Fin	598.162,69	4.681.769,12

A MIOTEIRA CAMIÑO 2		
Actuación	X (m)	Y (m)
Inicio	598.179,95	4.681.729,11
Fin	598.097,80	4.681.711,23

Actualmente os camiños nos núcleos rurais de Calvos e A Mioteira atópanse en pavimento asfáltico deteriorado e propónse unha actuación de mellora cun pavimento de aglomerado AC16 SURF D para por en valor os elementos patrimoniais e mellorar o acceso.

Por último, o proxecto de acondicionamento e pavimentación de parking público no polígono industrial "David Ferrer" levarase a cabo xunto á vía de acceso ó núcleo rural de Pazos de San Clodio dende o polígono industrial "David Ferrer". Actualmente a zona encóntrase en terra, sen clara formación de pendentes, polo que en períodos chuviosos provoca problemas coa evacuación das augas de escorrentía que producen fochancas, polo que se propón a pavimentación desta zona mediante mestura bituminosa en quente, de forma que resulte unha superficie adecuada para o estacionamento de vehículos.

As coordenadas de inicio das actuacións previstas son as seguintes:

X: 598.230 / Y: 4.683.445

Terceiro.- As actuacións terán lugar na contorna do Camiño de Santiago Vía da Prata ou Camiño Mozárabe. O camiño prolonga a calzada romana denominada Vía da Prata que unía Emerita Augusta (Mérida) con Asturica Augusta (Astorga). A vía trazouse a comezos do cristianismo aproveitando camiños máis antigos. Entra en Galicia pola Mezquita e é o camiño xacobeo galego de maior percorrido. O termo "Vía da Prata" non ten que ver coa explotación ou co comercio deste metal precioso, senón que procede do árabe *Bal'latta*,



que é a palabra coa que os musulmáns designaron aquela ampla vía pública empedrada e de sólido trazado pola que se encamiñaban ao norte cristián. Con todo, esta vía si se chegou a empregar para o comercio de prata americana chegada aos peiraos de Sevilla.

Na segunda metade do século XIII, despois da toma de Sevilla e de Córdoba aos árabes, este itinerario comeza a ser utilizado polos peregrinos de Andalucía e Estremadura. Uns seguían ata Astorga, e enlazaban aquí co Camiño Francés. Outros tomaban a desviación de Puebla de Sanabria-A Gudiña e desde aquí, ben por Laza ou ben a través de Verín, ata Ourense e Santiago. E unha terceira posibilidade levaba os peregrinos polo nordés de Portugal cara a Verín.

Ao entraren en Galicia pola Gudiña, os peregrinos da Vía da Prata poden elixir se continuaren por Verín ou por Laza. Ambos os itinerarios únense nas Pereiras (Taboadela), pouco antes de entrar no concello de San Cibrao das Viñas, e seguen pola estrada OU-0102 cara a Ourense.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

